

Área de
CONTRATACIÓN e
NOVOS PROXECTOS

ÁREA DE GOBERNO DE
SEGURIDADE,
CONTRATACIÓN, FESTAS
E XESTIÓN MUNICIPAL

CONCELLO
DE VIGO



ACTA DA MESA DE CONTRATACIÓN DO 8 DE SETEMBRO DE 2023

Ás 9:15 horas do día 8 de setembro de 2023, reúnese a Mesa de Contratación do Concello de Vigo, en sesión virtual a través da canle Cisco Webex Meetings, convocada pola presidenta o 5 de setembro de 2023, para tratar os asuntos da orde do día que figuran na convocatoria.

Asisten á reunión da Mesa de Contratación:

Presidente/a: D^a. Carmen Pintado Garcia, técnica de Administración xeral, xefa do Servizo de Transportes

Vocais: D^a. María Isabel Fernández Gabriel, vogal suplente da titular da Asesoría Xurídica
D^a. Olga Gómez Corbal, vogal suplente do interventor xeral

Secretaria: D^a. María Dolores Sotelo Gallego

Aberta a sesión pola Sra. presidenta procédese a tratar os puntos incluídos na orde do día:

2.- Cualificación da documentación acreditativa do cumprimento dos requisitos previos

a) Procedemento aberto para a contratación da iluminación decorativa da cidade de Vigo no Nadal (9274-106)

A secretaria le o listado de licitadores presentados a este procedemento segundo consta na Plataforma de Contratos do Sector Público e no certificado expedido polo Rexistro Xeral e pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses con único licitador presentado. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con el.

A continuación procédese á cualificación dos documentos que compoñen o sobre A "Documentación persoal", tras a súa descriptación pola Secretaría e a Presidencia, e acórdase, por unanimidade:

- a) Admitir neste procedemento aos licitadores que deseguido se relacionan, por ter presentado correctamente a documentación esixida no prego de cláusulas administrativas para declarar o cumprimento dos requisitos previos:

1. ILUMINACIONES XIMENEZ, S.A.

b) Procedemento aberto para a contratación do servizo de control de accesos e atención ao público no Parque zoológico de Vigo dependente da Concelleira de Medio Ambiente e Vida Saudable do Concello de Vigo (11988-612)

A secretaria le o listado de licitadores presentados a este procedemento segundo consta



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 25/04/2024 10:02	Páxina 1 de 11
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: ADA745-57ECBA-843745-RENH58-RBA5EX-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

na Plataforma de Contratos do Sector Público e no certificado expedido polo Rexistro Xeral e pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses con único licitador presentado. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con el.

A continuación procédese á cualificación dos documentos que compoñen o sobre A "Documentación persoal", tras a súa descriptación pola Secretaría e a Presidencia, e acórdase, por unanimidade:

- a) Admitir neste procedemento aos licitadores que deseguido se relacionan, por ter presentado correctamente a documentación esixida no prego de cláusulas administrativas para declarar o cumprimento dos requisitos previos:

1. EULEN, S.A.

c) Procedemento aberto para a contratación do servizo de redacción do proxecto básico e de execución das obras de construción do novo Estadio Municipal de Atletismo de Balaídos (1237-441)

A secretaria le o listado de licitadores presentados a este procedemento segundo consta na Plataforma de Contratos do Sector Público e no certificado expedido polo Rexistro Xeral e pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses con algún dos licitadores. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con eles.

A continuación procédese á cualificación dos documentos que compoñen o sobre A "Documentación persoal", tras a súa descriptación pola Secretaría e a Presidencia, e acórdase, por unanimidade:

- a) Admitir neste procedemento aos licitadores que deseguido se relacionan, por ter presentado correctamente a documentación esixida no prego de cláusulas administrativas para declarar o cumprimento dos requisitos previos:

1. DOMINGUEZ Y ASOCIADOS ARQUITECTURA S.L.P.U.

- b) Outorgar un prazo de tres días aos seguintes licitadores para que poidan emendar a documentación presentada segundo o esixido no prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP) que rexe esta contratación:

1. Naos 04 Arquitectos, S.L.P.: en concreto deberá presentar un novo DEUC, asinado dixitalmente polo seu representante legal, no que aclare a resposta na Parte II.A: "Información sobre el recurso a la capacidad de otras entidades", á pregunta "¿Se basa el operador económico en la capacidad de otras entidades para satisfacer los criterios de selección contemplados en la parte IV y los criterios y normas (en su caso) contemplados en la parte V, más abajo?", xa que, no DEUC presentado responde "NO" e, ao mesmo tempo, presenta tres Anexos III asinados por terceiros para a posta á disposición de medios.

2. UTE CAPITEL-EPTISA (Porcentaxe de participación 70 % e 30 %, respectivamente): en concreto, tanto CAPITEL ARQUITECTURA, INGENIERÍA E INNOVACIÓN, S.L. como EPTISA SERVICIOS DE INGENIERÍA, S.L., deberán presentar senllos Anexos II, asinados polos seus representantes



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 25/04/2024 10:02	Páxina 2 de 11
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: ADA745-57ECBA-843745-RENH58-RBA5EX-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Área de
**CONTRATACIÓN e
NOVOS PROXECTOS**

**ÁREA DE GOBERNO DE
SEGURIDADE,
CONTRATACIÓN, FESTAS
E XESTIÓN MUNICIPAL**

**CONCELLO
DE VIGO**



legais, no que figure o compromiso do cumprimento do Plan Antifraude do Concello de Vigo, tal e como figura no modelo que se achega con Prego de Cláusulas Administrativas Particulares.

3- Apertura administrativa e económica

a) Procedemento aberto simplificado para a contratación do aluguer, na modalidade de renting, de elementos de transporte sen condutor para o desprazamento de traballadores/as do Plan Municipal de Emprego (19981-77)

A secretaria le o listado de licitadores presentados a este procedemento segundo consta na Plataforma de Contratos do Sector Público e no certificado expedido polo Rexistro Xeral e pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses con eles. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses cos licitadores.

A continuación procédese, en acto público, á descriptación dos documentos que compoñen o sobre B (documentación persoal e proposición avaliable mediante fórmula) co seguinte resultado:

	Licitador	Porcentaxe de desconto a aplicar aos prezos unitarios recollidos no apartado 3G do Anexo I -FEC- do PCAP
1	AUTOS BREA, S.L.	2 %

Non asiste público á apertura.

Acto seguido compróbase a documentación esixida no prego de cláusulas administrativas para declarar o cumprimento dos requisitos previos, resultando correcta a documentación presentada polo único licitador presentado e, en consecuencia, acórdase por unanimidade admitir neste procedemento a AUTOS BREA, S.L., por ter presentado correctamente a documentación esixida no prego de cláusulas administrativas para declarar o cumprimento dos requisitos previos.

En aplicación dos criterios recollidos do apartado 7.D das FEC do PCAP, constátase que a oferta non contén valores anormais ou desproporcionados, polo que procede outorgarlle a máxima puntuación sen necesidade de aplicar a fórmula ao abeiro do previsto na cláusula 16.3.

Á vista das actuacións desta Mesa de Contratación, por unanimidade das asistentes, propónse á concelleira delegada de Contratación, por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 22 de xuño de 2023), a adopción da seguinte resolución:

“Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto simplificado para a contratación do aluguer, na modalidade de renting, de elementos de transporte sen condutor para o desprazamento de traballadores/as do Plan Municipal de Emprego (19981-77):



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 25/04/2024 10:02	Páxina 3 de 11
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: ADA745-57ECBA-843745-RENH58-RBA5EX-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Licitador	
1	AUTOS BREA, S.L.

Segundo.- Requerir ao licitador clasificado en primeiro lugar, AUTOS BREA, S.L., para que presente, no prazo de sete días hábiles, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):

1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
2. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 22 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).
3. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 23 do prego de cláusulas administrativas particulares."

4.- Apertura da documentación técnica

a) Procedemento aberto para a contratación da iluminación decorativa da cidade de Vigo no Nadal (9274-106)

A secretaria pregunta aos membros da Mesa se teñen conflito de intereses co licitador admitido. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con el.

Procédese á descriptación dos documentos que compoñen o sobre B "Proposición avaliable mediante xuízo de valor" do único licitador admitido.

A Mesa, por unanimidade dos membros presentes, acorda solicitar informe sobre a referida documentación ao servizo xestor.

b) Procedemento aberto para a contratación do servizo de control de accesos e atención ao público no Parque zoolóxico de Vigo dependente da Concelleira de Medio Ambiente e Vida Saudable do Concello de Vigo (11988-612)

A secretaria pregunta aos membros da Mesa se teñen conflito de intereses co licitador admitido. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con el.

Procédese á descriptación dos documentos que compoñen o sobre B "Proposición avaliable mediante xuízo de valor" do único licitador admitido.

A Mesa, por unanimidade dos membros presentes, acorda solicitar informe sobre a referida documentación ao servizo xestor.

c) Procedemento aberto para a contratación do servizo de redacción do proxecto básico e de execución das obras de construción do novo Estadio Municipal de Atletismo de Balaídos (1237-441)

Retírase da orde do día por ser necesario requerir, a dous dos licitadores presentados, emenda da documentación acreditativa do cumprimento dos requisitos previos

d) Procedemento aberto para a contratación dos servizos para a realización dos traballos de control de especies exóticas invasoras en terreos públicos do Concello de Vigo (Plan de Recuperación Transformación e Resiliencia – Financiado pola Unión Europea – Next GenerationEU) (16650-306)



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 25/04/2024 10:02	Páxina 4 de 11
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: ADA745-57ECBA-843745-RENH58-RBA5EX-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Área de
CONTRATACIÓN e
NOVOS PROXECTOS

ÁREA DE GOBERNO DE
SEGURIDADE,
CONTRATACIÓN, FESTAS
E XESTIÓN MUNICIPAL

CONCELLO
DE VIGO



A secretaria pregunta aos membros da Mesa se teñen conflito de intereses co licitador admitido. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con el.

Procédese á descriptación dos documentos que compoñen o sobre B "Proposición avaliable mediante xuízo de valor" do licitador admitido.

A Mesa, por unanimidade dos membros presentes, acorda solicitar informe sobre a referida documentación ao servizo xestor previa realización da correspondente análise de risco de existencia de conflito de interese a través da ferramenta informática MINERVA, nos termos establecidos na Orde HFP/55/2023, do 24 de xaneiro.

5.- Entrega e, no seu caso, aceptación dos informes de valoración dos criterios avaliados mediante xuízo de valor nos procedementos abertos, negociados e restrinxidos

a) Procedemento aberto para a contratación do servizo de mantemento das zonas de interese patrimonial (11161-307)

A secretaria pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses cos licitadores admitido/s. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con eles.

Entrégase o informe asinado polo xefe do Servizo de Montes, Parques e Xardíns o 4 de setembro de 2023 de valoración do sobre B "proposición avaliable mediante xuízo de valor"/que é aceptado por unanimidade dos membros da Mesa.

Acto seguido publícase no perfil de contratante.

6.- Apertura económica

a) Procedemento aberto para a contratación do servizo de mantemento das zonas de interese patrimonial (11161-307)

A secretaria pregunta aos membros da Mesa se teñen conflito de intereses cos licitadores admitidos. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con eles.

Procédese, en acto público, á descriptación dos documentos que compoñen o sobre C "Proposición avaliable mediante fórmula" dos licitadores admitidos co seguinte resultado:

	Licitador	Redución do prezo do contrato (sen IVE)
1	ACCIONA MEDIO AMBIENTE, S.A.	319.640,34 €
2	XESTIÓN AMBIENTAL DE CONTRATAS S.L.	331.154,18 €

Todos os licitadores presentan o orzamento detallado esixido no PCAP.

Asisten á apertura:

- 1.- D. Francisco Javier Vaca Gómez, en representación de ACCIONA MEDIOAMBIENTE S.A.
- 2.- D. José Luis Antón Antón, en representación de XESTIÓN AMBIENTAL DE CONTRATAS S.L.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 25/04/2024 10:02	Páxina 5 de 11
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: ADA745-57ECBA-843745-RENH58-RBA5EX-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

A Mesa, por unanimidade dos membros presentes, acorda solicitar informe sobre a referida documentación ao servizo xestor.

b) Procedemento aberto para a contratación do subministro de lectores/validadoras QR/NFC compatibles co sistema de xestión da tarxeta Passvigo no marco do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia – financiado pola Unión Europea – Next Generaion EU (10127-113)

A secretaria pregunta aos membros da Mesa se teñen conflito de intereses co único licitador admitido. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con el.

Procédese, en acto público, á descriptación dos documentos que compoñen o sobre C "Proposición avaliable mediante fórmula" do único licitador admitido co seguinte resultado:

	Licitador	Porcentaxe de desconto a aplicar ao prezo unitario recollido no apartado 3G da FEC
1	TELFÓNICA SOLUCIONES DE INFORMÁTICA Y COMUNICACIONES DE ESPAÑA, S.A.U.	0 %

No asiste público á apertura.

A Mesa, por unanimidade dos membros presentes, acorda solicitar informe sobre a referida documentación ao servizo xestor previa realización da correspondente análise de risco de existencia de conflito de interese a través da ferramenta informática MINERVA, nos termos establecidos na Orde HFP/55/2023, do 24 de xaneiro.

7.- Dar conta da existencia de ofertas con valores anormais ou desproporcionados

a) Procedemento aberto para a contratación do servizo de formación e posta en valor do patrimonio oral no Centro de interpretación da oralidade de Vigo (CIOV) (3124-334)

Retírase da orde do día para corrección de informe

b) Procedemento aberto para a contratación dos servizos de formación para o emprego (19756-77)

A secretaria pregunta aos membros da Mesa se teñen conflito de intereses cos licitadores admitidos. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con eles.

Entrégase o informe asinado pola técnica de xestión e a xefa do Servizo de Participación Cidadá e Desenvolvemento Local do 31 de agosto de 2023, sobre as



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 25/04/2024 10:02	Páxina 6 de 11
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: ADA745-57ECBA-843745-RENH58-RBA5EX-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Área de
CONTRATACIÓN e
NOVOS PROXECTOS

ÁREA DE GOBERNO DE
SEGURIDADE,
CONTRATACIÓN, FESTAS
E XESTIÓN MUNICIPAL

CONCELLO
DE VIGO



ofertas incursas en presunción de anormalidade e o informe que corrixe o anterior de data 8 de setembro de 2023 asinado pola técnica de xestión e a xefa do Servizo de Participación Cidadá e Desenvolvemento Local. Á vista deste informe, a Mesa de Contratación, acorda iniciar o procedemento previsto no artigo 149 da LCSP cos licitadores que se relacionan a continuación por canto as súas ofertas están incursas en presunción de anormalidade, concedéndolles un prazo de tres días hábiles para xustificar as súas ofertas:

- LOTE X: IMPULSA FORMACIÓN Y EMPLEO S.L.
- LOTE XI: SARARTE S.L.
- LOTE XII: IMPULSA FORMACIÓN Y EMPLEO S.L.

11.- Propostas de adxudicación

a) Procedemento aberto para a contratación do servizo de asesoramento a persoas emprendedoras e PEMES (19881-77)

A secretaria pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses co licitador clasificado en primeiro lugar neste procedemento. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con el.

Lémbrese que o 18 de agosto de 2023 se notificou a resolución de clasificación á UTE DIRECCIÓN POR IMPLICACIÓN, S.L. e CONSULTING EMPRESARIAL CASARES, S.L., por ser o licitador clasificado en primeiro lugar, co requirimento da documentación á que se refire o artigo 150.2 da LCSP. O licitador presentou a documentación requirida o 30 de agosto de 2023, dentro do prazo concedido.

Á vista da documentación presentada, a secretaria da Mesa solicitou informe ao servizo xestor sobre a acreditación dos criterios avaliábeis mediante fórmula, esixida no apartado 7B do Anexo I -FEC- do PCAP.

Entrégase o informe asinado pola técnica de Xestión e a xefa do Servizo de Participación Cidadá e Desenvolvemento Local de data 1 de setembro de 2023 sobre a acreditación pola primeira clasificada dos criterios avaliábeis a través de fórmula.

Á vista do referido informe e, tras a análise da documentación presentada polo licitador, a Mesa acorda, por unanimidade, conceder un prazo de 3 días á UTE DIRECCIÓN POR IMPLICACIÓN, S.L. e CONSULTING EMPRESARIAL CASARES, S.L. para que poida emendar a documentación acreditativa dos criterios avaliábeis a través de fórmula segundo o esixido no apartado 7B do Anexo I -FEC- do PCAP, dando traslado do informe asinado o 1 de setembro de 2023 pola técnica de Xestión e a xefa do Servizo de Participación Cidadá e Desenvolvemento Local.

O licitador en data 7 de setembro de 2023, dentro do prazo concedido, presenta documentación en vista do que a Mesa na súa sesión do 8 de setembro de 2023 acorda, por unanimidade, solicitar informe ao servizo xestor.

b) Procedemento aberto dos servizos de mantemento integral das instalacións eléctricas dos colexios públicos e escolas municipais dependentes do Servizo de Educación do Concello de Vigo (26218-332)



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 25/04/2024 10:02	Páxina 7 de 11
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: ADA745-57ECBA-843745-RENH58-RBA5EX-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

A secretaria pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses co licitador clasificado en primeiro lugar neste procedemento. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con el.

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto legislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto dos servizos de mantemento integral das instalacións eléctricas dos colexios públicos e escolas municipais dependentes do Servizo de Educación do Concello de Vigo (26218-332)

ANTECEDENTES

Primeiro.- Con data do 19 de maio de 2023 a Xunta de Goberno local, acordou:

“1º.- Aprobar a contratación a través de procedemento aberto e tramitación ordinaria dos servizos de mantemento integral das instalacións eléctricas dos Colexios Públicos e Escolas Municipais dependentes do Servizo de Educación do Concello de Vigo.

2º.- Aprobar o Prego de prescricións técnicas de 02/03/2023, redactado polo Servizo de Educación e o Prego de cláusulas administrativas particulares de data 04/05/2023 redactado polo Servizo de Contratación, que se inclúen no presente expediente para a contratación dos servizos de mantemento integral das instalacións eléctricas de Colexios Públicos e Escolas Municipais dependentes do Servizo de Educación.

3º.- Aprobar o gasto por importe de 146.233,06 euros (120.853,77 € máis 25.379,29 € de IVE a soportar pola administración) para a contratación dos servizos de mantemento integral de instalacións eléctricas de Colexios Públicos e Escolas Municipais dependentes do Servizo de Educación por procedemento aberto, con cargo á aplicación orzamentaria 3230.213.0002 “Mantemento eléctrico”, que se desglosará nas seguintes anualidades:

- Anualidade 2023 (de xuño a decembro): 24.372,18 euros;
- Anualidade 2024: 48.744,35 euros;
- Anualidade 2025: 48.744,35 euros;
- Anualidade 2026 (de xaneiro a maio): 24.372,18 euros.

O valor estimado do contrato estipúlase en 209.692,33 euros.

4º.- Acordar a apertura do procedemento de contratación conforme ao previsto na lexislación vixente.”



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 25/04/2024 10:02	Páxina 8 de 11
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: ADA745-57ECBA-843745-RENH58-RBA5EX-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Área de
CONTRATACIÓN e
NOVOS PROXECTOS

ÁREA DE GOBERNO DE
SEGURIDADE,
CONTRATACIÓN, FESTAS
E XESTIÓN MUNICIPAL

CONCELLO
DE VIGO



Segundo.- A concelleira da Área de Goberno de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal, por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 22 de xuño de 2023), o 18 de agosto de 2023 adoptou a seguinte resolución:

"Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto dos servizos de mantemento integral das instalacións eléctricas dos colexios públicos e escolas municipais dependentes do Servizo de Educación do Concello de Vigo (26.218-332) na seguinte orde descendente:

	Licitadores	Puntuación total
1	SIELVIGO, S.L.	93.06
2	APLICACIONES DE INFORMÁTICA AEVIGO, S.L.	63.50

Segundo.- Requirit ao licitador clasificado en primeiro lugar, SIELVIGO, S.L. (B-36.823.227), para que presente, no prazo de dez días hábiles, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):

- 1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.*
- 2. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 22 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP). Lémbrese que deberá acreditar a habilitación profesional esixida no apartado 5G do Anexo I -FEC- ("Certificado de empresa instaladora de equipos e instalacións eléctricas, expedido pola Delegación de Industria").*
- 3. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 24 do prego de cláusulas administrativas particulares".*

Terceiro.- Esta resolución foi notificada ao licitador clasificado en primeiro lugar, SIELVIGO, S.L., o día 22 de agosto de 2023, que presenta a documentación requirida os días 2 e 4 de setembro de 2023, dentro do prazo concedido.

Cuarto.- A Mesa de Contratación na sesión do 8 de setembro de 2023 revisou a documentación presentada, sendo esta correcta, polo que acordou, por unanimidade dos membros presentes, propoñer ao órgano de contratación a adxudicación deste procedemento.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante no prazo de quince días (artigo 151.1 LCSP).



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 25/04/2024 10:02	Páxina 9 de 11
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: ADA745-57ECBA-843745-RENH58-RBA5EX-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar SIELVIGO, S.L., como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.

Segundo.- A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor do licitador que teña presentado a mellor oferta, de conformidade coo disposto no artigo 145, segundo proceda de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexa a licitación.

A oferta máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada por SIELVIGO, S.L., de acordo cos informes de valoración das proposicións avaliábeis mediante xuízo de valor e das proposicións avaliábeis mediante fórmula, de datas 4 de xullo de 2023 e 7 de agosto de 2023, respectivamente.

Terceiro.- A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 4 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

Adxudicar a SIELVIGO, S.L. o procedemento aberto dos servizos de mantemento integral das instalacións eléctricas dos colexios públicos e escolas municipais dependentes do Servizo de Educación do Concello de Vigo (26218-332) coas seguintes condicións:

- a) O prezo da parte fixa do contrato é de 87.444,90 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 15.176,39 euros.
- b) Propón como porcentaxe de desconto da parte variable do contrato un 20 %.

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada”.

c) Procedemento aberto para a contratación da prestación de servizos de formación nas instalacións municipais do "Centro de formación" da Concellería de Política de Benestar Social, na rúa Alta nº 23 (248390-301) (Lote II)

A secretaria pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses co licitador clasificado en primeiro lugar neste procedemento. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con el.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 25/04/2024 10:02	Páxina 10 de 11
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: ADA745-57ECBA-843745-RENH58-RBA5EX-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Área de
CONTRATACIÓN e
NOVOS PROXECTOS

ÁREA DE GOBERNO DE
SEGURIDADE,
CONTRATACIÓN, FESTAS
E XESTIÓN MUNICIPAL

CONCELLO
DE VIGO



Lémbrese que o 21 de agosto de 2023 se notificou a resolución de clasificación a NT FOR LEARNING, S.L, por ser o licitador clasificado en primeiro lugar, co requirimento da documentación á que se refire o artigo 150.2 da LCSP.

O licitador presentou a documentación requirida o 1 de setembro de 2023, dentro do prazo concedido.

Tras a análise da documentación presentada polo licitador, a Mesa acorda, por unanimidade, conceder un prazo de 3 días a NT FOR LEARNING, S.L para que poida completar a documentación presentada. En concreto, deberá presentar o Anexo V do PCAP "DECLARACIÓN DE AUSENCIA DE CONFLICTO DE INTERESES (DACI) PARA OS CONTRATISTAS E SUBCONTRATISTAS", asinada dixitalmente polo seu representante legal.

Non tendo máis asuntos que tratar, a presidenta declara finalizada a sesión ás 10:30 horas. De todo o tratado eu secretaria dou fe.

(Documento asinado dixitalmente polos membros da Mesa asistentes a esta sesión)



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 25/04/2024 10:02	Páxina 11 de 11
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: ADA745-57ECBA-843745-RENH58-RBA5EX-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		